



## *Hacia una ecoteología*

Victorino Pérez Prieto. Fragmenta, 297 pp, Barcelona 2023

Victorino Pérez Prieto ten aportado moito a esta revista, *Encrucillada*, como conselleiro, desde a década dos oitenta, con múltiples colaboracións, como autor de seccións fixas, durante anos da Crónica da Igrexa, e alén dela estivo sempre moi envorcado, con dedicación xenerosa, anovadora e galeguizadora na recepción e transmisión do evanxeo en Galicia. Para iso tomou parte en moitas iniciativas pastorais de base como párroco e como apóstolo cristián, exerceu un habitual aporte periodístico en xornais (*El Progreso*, *Diario de Ferrol*, *La Voz de Galicia*, e aínda hoxe en *Nós Diario*) así como en variadas revistas. Andando o tempo, e máis dedicado ao estudo, foi afondando nun progresivo e suxestivo pensamento teolóxico, do que deu mostras en numerosos libros da súa persoal

autoría, maiormente en galego mais tamén en idiomas varios, así como en publicacións colectivas. Ten dado múltiples conferencias en Galicia, España, Portugal e América hispana, e dirixido cursos en varias universidades de España e de América, e, penultimamente, pero aínda recente, obséquianos coa súa moi suxestiva obra *Hacia una ecoteología*, Ed Fragmenta, 297pp, Barcelona 2023.

Nela comparte, con paixón e alegría, a súa razón e vivencia, fundamente maduradas e confrontadas, de que é posible hoxe ir confluindo nunha espiritualidade básica ecolóxica e ecuménica, cada vez máis apta para ser universal, porque tamén cada vez máis a conciencia humana, agora con moitas achegas das ciencias, e tamén da filosofía e da mellor

tradición relixiosa, vai percibindo que estamos moito máis interconectados do que ata hai moi pouco se sabía, polo menos, desde a ciencia, aínda que as místicas relixiosas, sempre o viviron e nolo anunciaron.

Detrás do título desta obra que comento, como no seu día sucedeu detrás do da chamada *teoloxía da liberación*, non se nos ofrece unha perspectiva relixiosa parcial, ou de temática *rexional*, sobre o interese ecolóxico, aínda que tamén se apunte, xaora, senón que se nos invita a vivir un sentido unificado da vida, unha perspectiva, un camiño, un espírito e unha espiritualidade que, desde a sensibilidade e a responsabilidade ecolóxica, tomada como algo constituínte e nuclear da nosa condición humana, nos capacite para unha anovada vivencia e reformulación da fe relixiosa e de tódolos temas propios da teoloxía: Deus, Cristo, Fe, Igrexa, e da praxe coherente: «*Los cristianos del s. XXI o son también ecopacifistas y buscan una ecoespiritualidad, o no podrán ser buenos cristianos (...) deben buscar la justicia, la paz y la integridad con toda la creación (...) reconociendo la*

*interdependencia de todo con todo*», dinos Victorino Pérez neste libro (p. 253).

O autor, desde sempre e nesta obra en especial, desde o capítulo primeiro, que é de anuncio e formulación previa do que desenvolverá na obra, móstrase como un apaixonado apóstolo dunha espiritualidade ecolóxica e ecuménica, que tanto en vertente relixiosa (que explícita pero criticamente, é a súa), como en formulación laica (que tamén asume, pois concorda co que lle parece a mellor achega das ciencias físicas e humanas) busque vivir a existencia con «profundidade, intensidade, veneración e honestidade» (p. 12). Espiritualidade, que, no seu caso, reclama activar a dimensión mística que cre que todo ser humano leva consigo (non só os que acadaron as cotas máis altas ou intensas) para captar o profundo, o amplo e o complexo da Realidade, o profundo do Todo, que para Victorino Pérez inclúe o misterio de Deus orixe, fonte e sostén (*Theos*), o misterio do ser humano coa súa capacidade de conciencia e de intervención, depredadora ou coidadora (*anthropos*),

e o misterio da materia co seu dinamismo de vida (*cosmos* ou *caocosmos*): unha Realidade que vén reclamando, a ombros do seu querido mestre Raimon Panikkar, como un Todo cosmo-*te-ándrico*, (Victorino prefere chamala «te-antropo-cósmica» por sensibilidade de xénero) pois percibe todo unificado ou conectado, mais «sen confusión e sen absorción», como apóstolo que é da superación da perspectiva dualista (materia-espírito, razón-mística, ciencia-fe, creación-redención, alma-corpo, Deus-mundo), tanto como do monismo que reduza un deses polos ao outro (como fai o panteísmo, ou o seu reverso o materialismo sen transcendencia). Victorino faino desde unha perspectiva relacional, que une e permite dar pé e orixe a unha realidade cada vez máis complexa, na que os resultados percibidos das relacións varían segundo as posicións espaciais, segundo o tempo da interacción, e ata segundo a perspectiva do observador, aparecendo unha indeterminación que as ciencias físicas detectan e que xa chaman *caocosmos*.

No capítulo segundo o noso autor acolle con entusiasmo a

perspectiva da Realidade toda como un tecido sen costuras, exitosa expresión xurdida nos oitenta do pasado século e popularizada polo francés Latour, para anunciar que todo está relacionado con todo sen mecanismos deterministas e sen separacións, con relacións mutuamente condicionantes sen dependencias unilaterais. Lémbranos que a consideración e apertura ao Todo achega novidade, «é máis», respecto da mera suma das partes, tal como vén salientando o chamado pensamento complexo, que Victorino Pérez vai acollendo das reflexións dos físicos fundadores da física cuántica, da tradición da «filosofía perenne» reclamada modernamente por Adous Huxley (e que Victorino remonta en Oriente a Laozi do s. VI a. C., e en occidente a Plotino e a moita tradición patrística), das achegas de Husserl, Zubiri e Amor Ruibal, da filosofía do «proceso» de Whitehead, estendéndose maiormente en divulgarnos nesta perspectiva o suxestivo pensamento do francés Edgar Morin, pai do pensamento complexo actual, e de Raimon Panikkar, o gran mestre, inspirador e principal

nutridor do noso autor, que concorda no fundamental con aquel aínda que use outra linguaxe.

No capítulo terceiro actualiza e reelabora achegas que Victorino xa ten publicado anteriormente, sobre ecoloxismo e relixións, e especialmente o cristianismo, recoñecendo e meditando sobre a grande achega profética do ecoloxismo hoxe.

No capítulo cuarto afronta a crítica da sensibilidade ecolóxica á influencia negativa que unha interpretación demasiado antropocéntrica e individualista da mensaxe bíblica ten causado na actitude dominadora e tecnocrática da cultura humana occidental (supostamente de base cristiá), que está na orixe da crise ecolóxica actual, procurando reconvertela teoricamente co apoio de moitos autores. E, maiormente, ofrece neste capítulo unha persoal e entusiasta recepción da encíclica *Laudato si'* do Papa Francisco, da que, sobre todo, salienta a nova cosmovisión relacional, non dualista e holista (coa perspectiva da totalidade).

No quinto e derradeiro capítulo recolle o desenvolvido nos

anteriores e reclama unha espiritualidade e un pensamento ecoteolóxico, que xa ve previuído e preformulado na mellor tradición cristiá, e presentándonos, con máis detalle, a modo de cata, breves apuntes sobre o que chama «tres místicos ecoloxistas», a saber, san Francisco de Asís, san Xoán da Cruz e Theilard de Chardin. Neste remate do libro, sen deixar ese entusiasta mantra continuo que aparece en toda esta obra, a saber, o «todo está relacionado con todo», o autor xa emprega máis a linguaxe do amor, tan imprescindible na espiritualidade cristiá, e neste ámbito tópase co hiato (e co drama) do indeterminismo que supón a liberdade, e coas «entropías» dolorosas para todos, que comporta a lenta aprendizaxe e a difícil asunción do camiño do amor chamado a unha continua amplitude de miras, a un sacrificio de urxencias e gustos dos niveis demasiado simples dos querereres, pois sempre están (estamos) chamados a madurar segundo a mellor conexión co Todo: amar todo, amar a todos, amar como capacitación de todo e de todos, amar para todos, amar sempre... Á

fin esta é, e será, a principal urxencia do cristianismo e do futuro do mundo espiritual e materialmente, incluso para a supervivencia da vida humana. Atopar o Espírito, a Fonte, que o vaia facendo posible, supón máis que a simple comprensión teórica da súa conveniencia, algo que por suposto resulta tamén imprescindible, e no que destaca a achega deste autor e desta obra sinalando ben o mapa de camiño.

Unha obra para recomendar e agradecer polas ricas suxestións que nos ofrece. Hai que valorar maiormente a súa paixón por darnos unha lectura ao mesmo tempo unitaria e diversa da realidade, a ampla perspectiva

escoitadora das ciencias empíricas e sociais, a súa rica achega ecuménica e interrelixiosa con tantos textos de múltiples tradicións, que da súa man se nos amosan concordes no máis profundo. Tamén a amplísima bibliografía que acompaña cada tema. Para unha nova edición, que auguro, poderán, autor e editorial, mellorar algúns erros nas citacións, por incompletas, ou por falta de referencias, que axuden a distinguir no texto o que sería pensamento propio ou dalgúns autores citados, e quizais alixeirar un pouco o capítulo segundo, que por outra parte resulta unha valiosa achega desta entrega.

**Xosé Antón Miguélez Díaz**